



Manuel Colmeiro Guimarás

Nace no 1901 en Chapa, Silleda (Pontevedra) o 7 de agosto de 1901.

No 1913 emigra a Arxentina. Alí continúa cos seus estudos primarios e a súa dedicación ao debuxo.

No 1917 adquire experiencia na Academia de Bellas Artes da capital arxentina.

Durante este tempo compatibiliza a actividade artística co traballo nunha fábrica de zapatos e participa na creación da revista "Lume", na que escribe varios artigos.

No 1921 participa por primeira vez nunha colectiva de arte. Colmeiro pinta moito o natural, o porto e as rúas de Buenos Aires. Nesta cidade comeza a interesarse pola literatura e a filosofía.

No 1926 regresa a España e dedícase á pintura e céntrase no estudo do ambiente campesiño. Comeza as súas viaxes a Madrid e pasa moitas horas estudando no Museo do Prado.

No 1928 concédeselle a Pensión da Diputación de Pontevedra, que utiliza para ampliar os seus estudos en Barcelona, onde realiza exposicións e establece importantes relacións cos pintores Villá, Obiols e Benet; co escultor A. Fenosa, cos críticos S. Guasch, Riva, J.M. Sucre, entre outros. Así mesmo, a beca ábrelle o camiño para relacionarse con artistas e escritores galegos como Otero Pedrayo, Valle Inclán, Vicente Risco, Castelao, Peñarrey.

A pesar de ser moi politizado, Colmeiro nunca milita en ningún partido. Viaxa a Holanda para estudar a fondo a Rembrandt. Goya, Velásquez e os holandeses convértense nas súas referencias preferidas. Ese mesmo ano realiza a súa primeira exposición nos salóns do Faro de Vigo.

No 1929 casa e reside periodicamente en Margaride e en Vigo, desprazándose con frecuencia a Santiago e Pontevedra; cidades onde participa das tertulias da época.

Colmeiro "renova" os conceptos básicos da vangarda. Interésase polo paisaxe, o bodegón, a temática social, a mitoloxía, as maternidades, a etnografía e a antropoloxía.

No 1930 comeza a investigar profundamente no campo da abstracción, a pintura mural e

no simbolismo peculiar.

No 1931, na época da República, Colmeiro relaciónase cos intelectuais e artistas galegos do momento. A temática da súa obra céntrase na paisaxe e na cultura popular galega.

Colmeiro, Seoane, Laxeiro, Arturo Souto e Maside integraron o grupo coñecido como "Os

Novos" ou "Os Renovadores". Todos eles son pintores nados a principios do século XX,

considerados continuadores da Xeración Nós, e caracterizados por unha obra cunha temática marcada por unha galeguidade peneirada pola estética das vangardas (expresionismo, cubismo e abstracción). Entre todos eles Colmeiro destaca polo seu intimismo e o concepto lírico dos ambientes, sendo considerado o máis tradicional do grupo e vive apaixonadamente estes momentos.

No 1933 expón unha mostra da súa obra nunha exposición impulsada por Arteta en Bilbao.

Entre os anos 1934/36 fai exposicións en diversas salas como na Asociación de Artistas de A Coruña, Sala Faro de Vigo e no Ateneo de Ourense.

No 1936 A Guerra Civil Española sorpréndelle, á volta dun viaxe a Madrid. Aos cinco meses de comezar a guerra márchase de España e exiliase na Arxentina.

Reencóntrase cos seus pais e amigos. Ata 1940 a súa pintura céntrase no recordo de Galicia e na guerra.

No 1941 abandonan España a súa muller e os seus fillos para reunirse con él en Bos Aires.

No 1943 edicións de Bos Aires publica un libro con once etapas gravadas a punta seca numeradas por Colmeiro. Edición de nove exemplares.

o 1946 realiza en compañía dos pintores arxentinos: Urruchua, Berni, Castaganino e Spilimbergo, os murais para a Galería de Florida, Pacífico, en pleno centro de Buenos Aires.

No 1948 participa na exposición de artistas españois en Brasil. A finais deste ano Colmeiro sente a necesidade de trasladarse a París.

No 1950 viaxa por primeira vez a España tras o exilio. E a partir de entón alternará a súa

estancia cos seus viaxes a Galicia.

No 1950/51 contacta co grupo da Escola de París, no que participa Bores, Cossío, Domínguez, Picasso, De la Serna, Peinado, A. Ortiz, Lobo, Grau Sala, Clave, Viñes. Dende a capital francesa viaxa por Europa e expón con frecuencia en España.


No 1958 mostra a súa obra con certa regularidade en España ao vincularse á galería madrileña Biosca.

Na década dos sesenta e setenta chégalle o recoñecemento masivo con exposicións individuais en Londres, París e Madrid.

Recibiu varios premios ao longo da súa carreira artística: o "Premio das Artes" da Xunta de Galicia (1987) ou o "Premio Celanova, Casa dos Poetas" en 1996.

Morreu en Salvaterra do Miño o 1 de outubro de 1999.

Rúa Pintor Manuel Colmeiro



Rúa Pintor Manuel Colmeiro

LAURA DIZ MEJUTO – 5ºA